

XII REGATA  
CRUCEIRO  
AUTONÓMICA  
CN PORTONOVO  
**Trofeo**  
**Casino La Toja**

**19**  
**20**  
**julio**  
**2014**



CASINO  
LA TOJA

ASNAUGA

**GADIS**

ALBARIÑO



GUNDIAN



*Coca-Cola*



# **ANUNCIO DE REGATA**

## **XII REGATA CLUB NAUTICO PORTONOVO**

### **X TROFEO CASINO LA TOJA**

### **CRUCEIROS ORC e VETERANOS JCH**

#### **1.- ORGANIZACIÓN**

Correrá a cargo do CLUB NÁUTICO DE PORTONOVO, de acordo co Regulamento Internacional de Regatas da ISAF, e coa colaboración da Federación Galega de Vela y con el Patrocinio de Casino La Toja.

#### **2.- LUGAR E DATAS**

A Regata celebrárase en augas da ría de Pontevedra, os días **19 e 20 de xullo** de 2014.

#### **3.- REGLAS**

**3.1** A regata rexeráse por:

- a) As regras de regata tal e como defínense no Regulamento de Regatas a Vela da ISAF 2013-2016 (RRV).
- b) Prescricións da R.F.E.V.
- c) Regulamento Técnico de Cruceiros (RTC 2014) e Anexos
- d) Regulamento de Medición IMS (só para cruceiros ORC)
- e) Regras IMS de Habitabilidade e Equipo (só para cruceiros ORC)
- f) Regulamento do Sistema de Rating ORC (só para Cruceiros ORC)
- g) Regras Especiais para Regatas na Alta Mar da ISAF (OSR), Categoría 5ª
- h) Regras do Rating JCH (Barcos Veteranos)
- i) Anuncio e Instrucións da Regata (que poderán modificar o presente Anuncio)

#### **4.- PARTICIPACIÓN**

Os participantes deberán cumprir as condicións de elixibilidade reflexadas no apéndice 2 do R.R.V. e nas Prescricións da RFEV ao devandito Apéndice.

**CRUCEIROS ORC:** Os participantes de nacionalidade ou residencia legal en España deberán estar en posesión da Licenza Federativa de deportista estatal para o 2014.

Poderá participar calquera Cruceiro a Vela dun só casco e cun mínimo de 6.75 metros de eslora, con Certificado de Medición Válido ORC 2014 ou ORC CLUB 2014. Caso de non ter certificado, o Comité de Regatas poderá achegar un certificado Estimado e Penalizado, non admitíndose reclamacións ao respecto.

**BARCOS VETERANOS:** Nesta Categoría, a participación reservase a barcos Cruceiros botados antes do 30 Decembro do 1983.

Todo os barcos deberán ter un certificado de rating JCH en vigor expedido pola Jauge Classique Classic Handicap (de forma gratuita en [http://www.jch-online.org/GB/feuille\\_jauge\\_GB.html](http://www.jch-online.org/GB/feuille_jauge_GB.html)).

Deberá ter actualizado un seguro que cubra a todos os tripulantes que leven a bordo, independentemente do de Responsabilidade Civil e danos a terceiros por unha cobertura mínima de 330.600 € e extensión de póliza para participación en regatas non profesionais.

## 5.- INSCRICIÓN

As Inscricións serán Obrigatorias e Gratuítas.

5.1) As inscricións formalizaranse necesariamente no formulario adxunto ou similar, achegando:

- Fotocopia das licenzas do ano 2014 (só ORC)
- Fotocopia do Certificado ORC ou JCH en vigor.
- Fotocopia do seguro
- Permiso de Publicidade se é que leva

5.2) As inscricións, xunto coas fotocopias dos Certificados, remitiranse por correo, mensaxería, Fax ou correo electrónico a:

**Club Náutico de Portonovo**  
Rúa Rafael Picó 44 1º  
Portonovo -Pontevedra - España  
Tel.: 986 72 32 66 Fax: 986 724 175  
E-mail: [nauticoportonovo@hotmail.com](mailto:nauticoportonovo@hotmail.com)

A **data límite de inscrición é o 18 de xullo ás 20:00 horas.** O Comité Organizador resérvase o dereito de ampliar dito prazo.

## 6.- PARTICIPANTES

**6.1** O participante ou o responsable de cada barco deberá formalizar, rexistrar, presentar as licenzas da tripulación e asinar o formulario de Rexistro, na oficina de regatas antes das 11:30 horas do día 19 de xullo, no C.N. Portonovo.

**6.2** O Comité de Regatas poderá aceptar cambios na relación de tripulantes, previa solicitude.

## 7.- PUBLICIDADE

Os participantes poderán exhibir publicidade de categoría C de acordo coa regulamentación 20 da ISAF.

Así mesmo, o Comité organizador poderá esixir aos participantes que leven un adhesivo en senllas amuras de proa co nome do patrocinador.

## 8.- CLASIFICACIÓN E PUNTUACIÓN

8.1) As Clasificacións para ORC serán de acordo coas Regras do RTC, OFFSHORE OSN, aplicándose ademais o sistema de Puntuación Baixa do R.R.V.

8.2) á vista das inscricións realizadas e en canto se comprobe a súa participación efectiva na regata, o Comité de Regatas e Comité Organizador establecerán as clases e os cortes destas buscando a maior equidade posible, non admitíndose reclamacións ao respecto.

8.3) As Clasificacións para Veteranos JCH faranse de acordo cos tempos compensados que se obterán para cada barco segundo a fórmula:

TC (Tempo Compensado) = FTC (de cada barco) X Tempo Real en segundos  
Vencendo que obteña menor tempo compensado.

## **9.- PERCORRIDOS E HORARIOS**

**O Sábado 19 de xullo** a Sinal de atención darase ás **13:30 horas**.

**1ª PROBA:** Percorrido costeiro con saída nas inmediacións do Club Náutico de Portonovo, dando a volta as Illas de Ons e Onza e chegada novamente en Portonovo. Caso de mal tempo, poderá facerse un percorrido alternativo.

**O Domingo 20 de xullo** a Sinal de atención darase ás **13:00 horas**.

**2ª PROBA:** Percorrido Costeiro corto pola ría e Faros da mesma con saída e chegada en Portonovo.

**Os percorridos exactos coas balizas a virar, especificados nas instrucións de regata, indicaranse aproxim. 10 minutos antes da sinal de atención polo canal 71 do VHF.**

## **10.- INSTRUCCIÓNS DE REGATA**

Estarán a disposición dos participantes na Secretaría/Conserxería do Club a partir do día 14 de Xullo.

## **11.- PREMIOS**

**Xeral Final: Ó Primeiro, Segundo e Terceiro Clasificados de cada clase (que cumpran o mínimo de 5 barcos, si non, reducirase).**

## **12.- OUTROS ASPECTOS**

O Comité de Regatas resérvase o dereito de modificar algún dos puntos descritos no presente Anuncio de Regata, por causa de forza maior.

## **PROGRAMA SOCIAL**

A entrega de Trofeos da clasificación xeral realizarase o domingo 20 de xullo, no Club Náutico de Portonovo a partires das 18:00 horas.

**O Comité Organizador - Portonovo, Xullo 2014**